# Lugo - Semana Santa - 2011





# *“Camiño á cruz, camiño á resurección”*

Un ano máis viviremos a Semana Santa e a Pascua do Señor como un verdadeiro acontecemento, ao que nos axudará moito a participación en todos os seus actos e procesións.

Faremos memoria dos feitos extraordinarios, queridos por Deus, nos que se fundamenta a nosa fe e a nosa esperanza, e nos que aprendemos a confiar no amor de Deus, véndoo e recibíndoo de Xesús, o Fillo, de quen a caridade desbordou sen límites na súa Paixón.

O programa da “Semana Santa lucense” poñerá ante os nosos ollos este acontecemento de salvación, que ilumina a nosa vida e a historia toda, axudándonos a contemplar a persoa de Xesucristo nos diferentes pasos do seu camiño cara á cruz e a resurrección.

Participemos, pois, con sinceiro corazón nas celebracións litúrxicas destes días, expresión máxima da nosa fe, e nos diferentes actos públicos nos que testemuñaremos a nosa gratitude ao Señor, a nosa devoción e a nosa esperanza, polas rúas da nosa cidade de Lugo.

**+ Alfonso Carrasco Rouco**
**Bispo de Lugo**

# *“Camino a la cruz, camino a la resurección”*

*Un año más viviremos la Semana Santa y la Pascua del Señor como un verdadero acontecimiento, a lo que nos ayudará grandemente la participación en todos sus actos y procesiones.*

*Haremos memoria de los hechos extraordinarios, queridos por Dios, en los que se fundamenta nuestra fe y nuestra esperanza, y en los que hemos aprendido a confiar en el amor de Dios, viéndolo y recibiéndolo de Jesús, el Hijo, cuya caridad desbordó sin límites en su Pasión.*

*El programa de la “Semana Santa lucense” pondrá ante nuestros ojos este acontecimiento de salvación, que ilumina nuestra vida y la historia toda, ayudándonos a contemplar a la persona de Jesucristo en los diferentes pasos de su camino hacia la cruz y la resurrección.*

*Participemos, pues, con sincero corazón en las celebraciones litúrgicas de estos días, expresión máxima de nuestra fe, y en los diferentes actos públicos en los que testimoniaremos nuestra gratitud al Señor, nuestra devoción y nuestra esperanza, por las calles de nuestra ciudad de Lugo.*

***+ Alfonso Carrasco Rouco***
***Obispo de Lugo***



# Pregón, Mércores 13 de Abril ás 20:30 h.

## Círculo das Artes (Salón Regio)

(A Coruña 1955). Relixioso franciscano da Provincia Franciscana de Santiago. Realiza estudos de Teoloxía en Santiago. Ordenado sacerdote en Lugo por Fr. José Gómez o 8 de decembro de 1984. Mestre de Postulantes en Santiago e formador no Seminario Franciscano de Herbón. En 1989 foi destinado ao Colexio PP. Franciscanos de Lugo, como profesor de relixión e lingua castelá. Superior da fraternidade de Lugo dende 2001 a 2010. Membro do Goberno Provincial da Provincia Franciscana dende o 2007 ao 2010. No Capítulo Provincial de 2010 é elixido Ministro Provincial da devandita Provincia Franciscana, dende ese momento reside na casa provincial de Santiago de Compostela.

*(A Coruña 1955). Religioso franciscano de la Provincia Franciscana de Santiago. Realiza estudios de Teología en Santiago. Ordenado sacerdote en Lugo por Fr. José Gómez el 8 de diciembre de 1984. Maestro de Postulantes en Santiago y formador en el Seminario Franciscano de Herbón. En 1989 fue destinado al Colegio PP. Franciscanos de Lugo, como profesor de religión y lengua castellana. Superior de la fraternidad de Lugo desde 2001 a 2010. Miembro del Gobierno Provincial de la Provincia Franciscana desde el 2007 al 2010. En el Capítulo Provincial de 2010 es elegido Ministro Provincial de dicha Provincia Franciscana, desde ese momento reside en la casa provincial de Santiago de Compostela.*

## Fr. José A. Castiñeira Chouza

Neste acto intervirán:



*Schola Gregoriana Lucensis - Lugo*



*Banda Municipal de Guntín*



# Venres de Dolores, 15 de Abril

## Solemne Vía Crucis

**20:30 h. VÍA CRUCIS, POLA XUVENTUDE**





O solemne Vía Crucis dará comezo no Convento Franciscano, Praza Maior, Casas Novoa, Deán Varela, Rúa dos Cregos, Praza Pío XII, e por dentro da Catedral. Saída da Catedral por Pío XII, Bó Xesús e remate na Praza de Santa María, diante do Obispado.

Prégase ás persoas asistentes que porten candeas acesas e que garden absoluto silencio durante toda a celebración e percorrido.

*El solemne Vía Crucis empezará en el Convento Franciscano, Plaza Mayor, Casas Novoa, Deán Varela, Rúa dos Cregos, Plaza Pío XII, y por dentro de la Catedral. Salida de la Catedral por Pío XII, Buen Jesús y finalizará en la Plaza de Santa María, delante del Obispado.*

*Se ruega a las personas asistentes que porten velas encendidas y que guarden absoluto silencio durante toda la celebración y recorrido.*



# Domingo de Ramos, 17 de Abril

## A Borriquiña

**11:30 h. BENDICIÓN DE RAMOS**

A continuación, PROCESIÓN DA **ENTRADA TRIUNFAL DE XESÚS EN XERUSALÉN**

ORGANIZA: Confraría da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén.

ITINERARIO: Praza de Santa María, Bó Xesús, Praza Pío XII, Rúa dos Cregos, Deán Varela, Praza Casas Novóa, Praza Maior por Franciscanos, paseo central da Praza Maior e fondo da Praza Maior.





Ó rematar a procesión celebrarase a misa na Catedral.

Os nenos e nenas da Confraría da Entrada Triunfal desfilarán belamente ataviados de soldados romanos e hebreos con palmas, segundo a tradición de estirpe franciscana. O paso da burriña é unha fermosa e leda obra do imaxineiro compostelán contemporáneo Manuel Miranda, cunha estética moi parecida á dos grandes beléns italianos clásicos.

*Al acabar la procesión se celebrará misa en la Catedral.*

*Los niños y niñas de la Cofradía de la Entrada Triunfal desfilarán bellamente ataviados como soldados romanos y hebreos con palmas, según la tradición de estirpe franciscana. El paso de la borriquita es una hermosa y alegre obra del imaginero compostelano contemporáneo Manuel Miranda, con una estética muy parecida a la de los grandes belenes italianos clásicos.*



# Domingo de Ramos, 17 de Abril

## Virxe das Dolores

**19:00 h. PROCESIÓN DA VIRXE DAS DOLORES**

ORGANIZA: Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.
ITINERARIO: Convento Franciscanos, fondo Praza Maior, Conde Pallares, Doutor Castro, Praza Maior, San Pedro, Progreso, Xoán Montes, Raiña, Praza Maior e remata diante do Convento Franciscano.

A Virxe das Dolores será levada a ombreiros de corenta confrades, sendo acompañada pola Banda de Música de Guntín, que interpretará a súa saída a Marcha Procesional "Dolor, toma mi mano" composta para esta Virxe polo seu Director D. Manuel Yáñez . Seguindo a tradición da Semana Maior, un nutrido número de mulleres ataviadas con mantilla, escoltarán este Paso.

Os confrades do Desencravo visten unha ampla túnica e capuz negros, e no peito o escudo co Corazón da Virxe das Dolores bordado sobre branco, faixa vermella, luvas brancas e capa branca coa cruz dos Cabaleiros do Santo Sepulcro ó lado esquerdo.



*La Virgen de los Dolores será llevada a hombros de cuarenta cofrades, siendo acompañada por la Banda de Música de Guntín, que interpretará a su salida la Marcha Procesional "Dolor, toma mi mano", compuesta para esta Virgen por su director D. Manuel Yáñez. Siguiendo con la tradición de la Semana Mayor, un nutrido número de mujeres ataviadas con mantilla, escoltarán este Paso.*

*Los cofrades del Desenclavo visten amplia túnica y capuz negros, y al pecho el escudo con el Corazón de la Virgen de los Dolores bordado sobre blanco, faja roja, guantes blancos y capa blanca con la cruz de los Caballeros del Santo Sepulcro al lado izquierdo.*



## *Luns, 18 de Abril*

### *Virxe da Esperanza*

**20:30 h. PROCESIÓN DA VIRXE DA ESPERANZA**

ORGANIZA: Insigne Confraría da Virxe da Esperanza.

ITINERARIO: Igrexa da Nova, Praza Anxo Fernández Gómez, Campo Castelo, Ronda da Muralla, Bispo Aguirre, fondo Praza Maior, Conde Pallares, Santo Domingo, Raiña, Praza Maior (diante do Concello) e remate na Praza Anxo Fernández Gómez.

Os confrades da Virxe da Esperanza visten roupón branco con botóns verdes, luvas brancas e capuz e faixa verdes coa insignia da Confraría bordada: unha áncora, e sobre ela o Corazón de María atravesado cunha espada de dor.

Nesta procesión participa unha unidade procedente de Ferrol da Armada Española (Irmán Maior Honorario da Confraría), que ó final do percorrido interpreta a SALVE MARIÑEIRA. As tropas chegan a Lugo xa pola mañá. Ás 12:10 a Garda de Gala forma nas escaleiras da Casa do Concello, e as Tropas de Honores da Mariña na Praza Maior; vinte minutos despois pasa revista o Almirante Xefe; a continuación hai desfile e un breve concerto da Banda de Música.

Ás 20:30 as autoridades, reunidas no Concello, incorpóranse á procesión, que sae da igrexa de Santiago "A Nova".



*Los cofrades de la Virgen de la Esperanza visten ropón blanco con botones verdes, guantes blancos y capuz y faja verdes con la insignia de la Cofradía bordada: un ancla, y sobre ella el Corazón de María atravesado con una espada de dolor.*

*En esta procesión participa una unidad procedente de Ferrol de la Armada Española (Hermano Mayor Honorario de la Cofradía), que al final del recorrido interpreta la SALVE MARINERA. Las tropas llegan a Lugo ya de mañana. A las 12:10 la Guardia de Gala forma en las escaleras de la Casa Consistorial, y las Tropas de Honores de la Marina en la Praza Maior; veinte minutos después pasa revista el Almirante Jefe; a continuación hay desfile y un breve concierto de la Banda de Música..*

*A las 20:30 las autoridades, reunidas en el Ayuntamiento, se incorporan a la procesión, que sale de la iglesia de Santiago "A Nova".*



# *Martes Santo, 19 de Abril*

## *Bo Xesús*

### **20:30 h. PROCESIÓN DO BO XESÚS E DO NAZARENO**

ORGANIZA: Episcopal e Catedralicia Confraría do Bon Xesús e do Nazareno.
ITINERARIO: Catedral, Praza Pío XII, Rúa dos Cregos, Deán Varela, Casas Novoa, Conde Pallares, Armanyá, Santo Domingo, Raíña, Praza Maior por diante do Concello, Casas Novoa, Deán Varela, Rúa dos Cregos e remate na Praza de Pío XII.

Durante a procesión celebrarase a "Memoria das Tres Caídas do Noso Señor camiño do Calvario" nos seguintes sitios: Primeira caída: Fondo Praza Maior; Segunda caída: Rúa da Raíña; Terceira Caída: Praza Maior por Franciscanos. Ó paso da procesión por diante da Casa do Concello, a cofrade Alba Mesa interpretará unha saeta.

Os confrades, que portan grandes cruces de madeira, como Simón o Cireneo que lle axudou a Cristo a levar a súa, visten roupón morado, faixa branca con cíngulo amarelo, luvas brancas e capuchón branco coa insignia da Confraría, na que figura en vermello a Cruz de Santiago. Con ela desfila unha unidade do Exército de Terra, Irmán Maior Honorario.

Antes da procesión, ás 19:05, unha unidade da Brilat "Galicia VII" procedente de Figueirido forma diante da Casa do Concello, a onde dez minutos despois chega o Xefe ó mando, que saúda ó Alcalde e ós demais membros da Corporación. Inmediatamente ten lugar a revista de tropas, e seguidamente, despois dun intercambio de agasallos, o Concello ofrece un refrixerio no Salón de Comisións.



Durante la procesión se celebrará la "Memoria de las Tres Caídas de Nuestro Señor camino del Calvario" en los siguientes sitios: Primera caída: Fondo Plaza Mayor; Segunda caída: Calle de la Reina; Tercera Caída: Plaza Mayor por Franciscanos. Al paso de la procesión por delante del Ayuntamiento, la cofrade Alba Mesa interpretará una saeta.

*Los cofrades, que portan grandes cruces de madera, como Simón el Cireneo que le ayudó a Cristo a llevar la suya, visten ropón morado, faja blanca con cíngulo amarillo, guantes blancos y capuchón blanco con la insignia de la Cofradía, en la que figura en rojo la Cruz de Santiago. Con ella desfila una unidad del Ejército de Tierra, Hermano Mayor Honorario.*

*Antes de la procesión, a A las 19:05, una unidad de la Brilat "Galicia VII" procedente de Figueirido forma ante la Casa Consistorial, a donde diez minutos después llega el Jefe al mando, que saluda al Alcalde y a los demás miembros de la Corporación. Inmediatamente tiene lugar la revista de tropas, y seguidamente, después de un intercambio de regalos, el Ayuntamiento ofrece un refrigerio en el Salón de Comisiones.*

# *Mércores Santo, 20 de Abril*

## *Cristo do Perdón*

**11:00 h. S. I. Catedral Basílica MISA CRISMAL**

**20:30 h. PROCESIÓN DO CRISTO DO PERDÓN E DA VIRXE DA PIEDADE - VIA CRUCIS PENITENCIAL**

ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e Nosa Señora da Piedade.

ITINERARIO: Catedral, Praza Pío XII, Rúa dos Cregos, Deán Varela, Casas Novoa, Praza Maior, Raíña (Vía Crucis), Sto. Domingo, Tenel. Teijeiro, Armanyá, Sto. Domingo, Raíña, Praza Maior por diante do Concello, Casas Nóvoa, Deán Varela, Rúa dos Cregos e remate na Praza Pío XII.

O hábito dos confrades consiste en saial negro, faixa vermella con cíngulo branco, luvas negros e capirote vermello coa insignia da Confraría. Membros do Instituto da Garda Civil, Irmán Maior Honorario, danlle escolta á imaxe do Cristo do Perdón.

O paso do Cristo do Perdón lembra as palabras de Xesús Crucificado cando di "Perdóalles, Pai, porque non saben o que fan". Pero evoca tamén o antigo costume de indultar e liberar un preso pola intercesión do Salvador.

*El hábito de los cofrades consiste en sayal negro, faja roja con cíngulo blanco, guantes negros y capirote rojo con la insignia de la Cofradía. Miembros del Instituto de la Guardia Civil, Hermano Mayor Honorario, dan escolta a la imagen del Cristo del Perdón.*

*El paso del Cristo del Perdón recuerda las palabras de Jesús Crucificado cuando dice: "Perdónales, Padre, porque no saben lo que hacen". Pero evoca también la antigua costumbre de indultar y liberar un preso por la intercesión del Salvador.*





## Xoves Santo, 21 de Abril

# Última Cea

**18:00 h. S. I. Catedral Basílica MISA DA CEA DO SEÑOR**
**19:30 h. S. I. Catedral Basílica PROCESIÓN DA ÚLTIMA CEA**

ORGANIZA: Confraría Sacramental.

ITINERARIO: Catedral, Praza Pío XII, Rúa dos Cregos, Deán Varela, Casas Nóvoa, Praza Maior por Franciscanos, Paseo central da Praza Maior, Casas Nóvoa, Dean Varela, Rúa dos Cregos e remate na Praza de Pío XII.

Ó remate da procesión, cumprindo coa liturxia establecida para o tempo en que se conmemora a Paixón, o Corpo de Cristo é depositado no chamado Sagrario de Reserva.

Os confrades visten un amplo manto de cor crema, pechado no peito con alamares, e un longo cordón con borlas ó pescozo, e ó lado esquerdo sobre o brazo o escudo da Confraría, reprodución da Custodia da Exposición Continua do Santísimo Sacramento na Catedral.

A Reserva do Santísimo ten en Lugo un especial significado histórico e litúrxico, pois a Basílica lucense goza do privilexio inmemorial da súa Exposición Continua no esplendoroso altar maior. Dende 1963 está vixente o novo privilexio de trasladar procesionalmente a Sagrada Forma polas rúas da cidade. O paso da Última Cea, con esculturas de tamaño natural, inclúe sobre a mesa o grande e suntuoso tabernáculo procesional, dentro do que se instala o viril ou custodia de man.

*Al finalizar la procesión, cumpliendo con la liturgia establecida para el tiempo en que se conmemora la Pasión, el Cuerpo de Cristo es depositado en el llamado Sagrario de Reserva.*

*Los cofrades visten amplio manto de color crema, cerrado en el pecho con alamares, y un largo cordón con borlas al cuello, y al lado izquierdo sobre el brazo el escudo de la Cofradía, reproducción de la Custodia de la Exposición Continua del Santísimo Sacramento en la Catedral.*

*La Reserva del Santísimo tiene en Lugo un especial significado histórico y litúrgico, ya que la Basílica lucense disfruta del privilegio inmemorial de su Exposición Continua en el esplendoroso altar mayor. Desde 1963 está vigente el nuevo privilegio de trasladar procesionalmente la Sagrada Forma por las calles de la ciudad. El paso de la Última Cena, con esculturas de tamaño natural, incluye sobre la mesa el grande y suntuoso tabernáculo procesional, dentro del que se instala el viril o custodia de mano.*



# Venres Santo, 21 de Abril

## Santo Enterro

**12:00 h. S. I. Catedral Basílica VIA CRUCIS**
**18:00 h. S. I. Catedral Basílica CELEBRACIÓN DA PAIXÓN DO SEÑOR**
**18:30 h. Igrexa Conventual PP. Franciscanos ACTO DO DESENCRAVO DO SEÑOR**
ORGANIZA: Decana Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.



"...é o Desencravo, dun dramatismo que fai romper en prantos e xemidos a maioría dos fieis que enchen o fermoso templo." (Vicente Risco, describindo este emotivo e fermoso acto)

Para este acto emprégase unha imaxe articulada de Cristo, construída polo obradoiro compostelán moderno de Rodríguez e Puente.

*"...é o Desencravo, dun dramatismo que fai romper en prantos e xemidos a maioría dos fieis que enchen o fermoso templo." (Vicente Risco, describiendo este emotivo y hermoso acto)*

*Para este acto se usa una imagen articulada de Cristo, construida por el taller compostelano moderno de Rodríguez y Puente.*

**20:00 h. PROCESIÓN DO SANTO ENTERRO**
ORGANIZA: Orde Franciscana Segrar e Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.
ITINERARIO: Praza da Soidade, Tenel. Teijeiro, Armanyá, Conde Pallares, fondo da Praza Maior, Bispo Aguirre, Ronda da Muralla, Campo Castelo, Praza Maior por diante do Concello, Raiña, Santo Domingo, Armanyá, Tenel. Teijeiro e remate no fondo de Sto. Domingo.

A Orde Franciscana Segrar pola súa natureza non usa hábito. O da Confraría do Desencravo quedou descrito na procesión da Virxe das Dolores do Domingo de Ramos.

É o acto central da Semana Santa, e as outras Irmandades súmanse ás 20:15 ó seu paso ó carón da Praza de Santa María. Incorpórase a esta procesión dende o ano

*La Orden Franciscana Seglar por su naturaleza no usa hábito. El de la Cofradía del Desenclavo ha quedado descrito en la procesión de la Virgen de los Dolores del Domingo de Ramos.*

*Es el acto central de la Semana Santa, y las demás Hermandades se suman a las 20:15 a su paso junto a la*



# Venres Santo, 21 de Abril

1948 o maxestoso Paso do Desencravo do Señor, realizado no obradoiro compostelán “Rodríguez y Puente” e dende o ano 2001 intégrase a imaxe do Cristo do Desencravo, que unhas horas antes é descendida da Cruz polos confrades no Acto do Desencravo, e portada por membros da Policía Autonómica de Galicia, Irmáns Maiores Honorarios de esta decana Confraría.

A imaxe de Cristo Xacente, que procede do antigo Convento de San Domingo e hoxe pertence á Orde Franciscana Segrar, é atribuída ó escultor do século XVIII Agustín de Baamonde. Desfila escoltada dende o ano 2007 por membros da Academia de Policía Nacional de Ávila. A imaxe da Virxe da Soidade, ou da Sétima Dor, que acompaña o seu Fillo na procesión, é obra do notable imaxineiro e ourive compostelán Manuel de Prado Mariño, que floreceu no derradeiro terzo do século XVIII.

*Praza de Santa María. Se incorpora a esta procesión desde el año 1948 el majestuoso Paso del Desenclavo del Señor, realizado en el taller compostelano “Rodríguez y Puente”, y desde el año 2001 se integra la imagen del Cristo del Desenclavo, que unas horas antes es descendida de la Cruz por los cofrades en el Acto del Desenclavo, y portada por miembros de la Policía Autonómica de Galicia, Hermanos Mayores Honorarios de esta decana Cofradía.*

*La imagen de Cristo Yacente, que procede del antiguo Convento de Santo Domingo y hoy pertenece a la Orden Franciscana Seglar, es atribuida al escultor del siglo XVIII Agustín de Baamonde. La imagen de la Virgen de la Soledad, o del Séptimo Dolor, que acompaña a su Hijo en la procesión, es obra del notable imaginero y orfebre compostelano Manuel de Prado Marino, que floreció en el último tercio del siglo XVIII.*

## 23:00 h. PROCESIÓN DA VIRXE DA SOIDADE “AS CALADIÑAS”

ORGANIZA: Orde Franciscana Segrar e Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.
ITINERARIO: Praza da Soidade, Tenel. Teijeiro, Armanyá, Conde Pallares, fondo da Praza Maior, Bispo Aguirre, Ronda da Muralla, Campo Castelo, Praza Maior por diante do Concello, Raiña, Santo Domingo e remate na Prza da Soidade.

A procesión de “AS CALADIÑAS” é a máis popular e multitudinaria da Semana Santa lucense. Aínda que en tempos pasados era especificamente feminina, nos últimos anos participa tamén un bo número de homes e nenos.

*La procesión de “AS CALADIÑAS” es la más popular y multitudinaria de la Semana Santa lucense. Aunque en tiempos pasados era específicamente femenina, en los últimos años participa también un buen número de hombres y niños.*



## Sábado Santo, 23 de Abril

### Virxe da Piedade

**08:30 h. PROCESIÓN PENITENCIAL DA VIRXE DA PIEDADE, SANTO ROSARIO E VIA CRUCIS**
ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e da Nosa Señora da Piedade.
ITINERARIO: Catedral, Praza Pío XII, Rúa dos Cregos, Deán Varela, Casas Nóvoa, Praza Maior por Franciscanos, Paseo central da Praza Maior, Casas Nóvoa, Dean Varela, Rúa dos Cregos e remate na Praza de Pío XII.

O hábito dos confrades é o que foi descrito na súa procesión do mércores. Esta procesión caracterízase por unha grande sinxeleza.

*El hábito de los cofrades es el que se ha descrito en su procesión del miércoles. Esta procesión se caracteriza por una gran sencillez.*

**23:00 h. S.I. Catedral Basílica**
**SOLEMNE VIXILIA PASCUAL**

O Sábado Santo é tempo de espera entre a Paixón e Morte de Xesús e a súa Resurrección gloriosa. A Vixilia Pascual, que se celebra con gran solemnidade na Catedral lucense, foi chamada por Santo Agostiño de Hipona "a nai de todas as vixilias".

*El Sábado Santo es tiempo de espera entre la Pasión y Muerte de Jesús y su Resurrección gloriosa. La Vigilia Pascual, que se celebra con gran solemnidad en la Catedral lucense, fue denominada por San Agustín de Hipona "la madre de todas las vigilias".*



# Domingo, 24 de Abril

## Domingo de Resurrección

**11:40 h. PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO**

ITINERARIO: Concello, paseo central da Praza Maior, Casas Nóvoa, Praza de Santa María, Bo Xesús e praza de Pío XII.

Esta curta procesión, na que Santa María vai ó encontro do seu fillo resucitado, ten unha especial solemnidade e significación.

A imaxe da Virxe do Rosario, patroa especial do Concello de Lugo, está durante o ano na capela do cemiterio municipal de San Froilán; con anterioridade a esta procesión é traída á Casa do Concello para ser revestida coa roupa procesional de loito. Do Consistorio sae portada en andas por membros da Policía Local, e é acompañada pola Corporación Municipal vestida de escuro e coa medalla corporativa, precedida de maceiros e seguida pola Banda Municipal.

*Esta corta procesión, en la que Santa María va al encuentro de su hijo resucitado, tiene una especial solemnidad y significación.*

*La imagen de la Virgen del Rosario, patrona especial del Ayuntamiento de Lugo, está durante el año en la capilla del cementerio municipal de San Froilán; con anterioridad a esta procesión se traslada a la Casa Consistorial para ser revestida con la ropa procesional de luto. Del Consistorio sale portada en andas por miembros de la Policía Local, y es acompañada por la Corporación Municipal vestida de oscuro y con la medalla corporativa, precedida de maceros y seguida por la Banda Municipal.*

**12:00 h. S.I. Catedral Basílica SOLEMNE MISA PONTIFICAL DE RESURRECCIÓN**

**13:30 h.** (ó rematar a Misa) **PROCESIÓN DO CRISTO RESUCITADO**

ITINERARIO: Praza Pío XII, Rúa dos Cregos, Deán Varela, Casas Nóvoa, Praza Maior, Rúa da Raíña, Sto. Domingo, Quiroga Ballesteros, Bolaño Rivadeneira e remate diante da Igrexa de S. Froilán.

Por terceiro ano, sae esta Procesión ó remate da Solemne Misa de Resurrección.



Simboliza o encontro de Xesús resucitado, vencedor da morte, co seu pobo renovado, e inmediatamente despois do encontro coa súa Nai. Membros das outras confrarías acompañarán este novo Paso.

*Por tercer año, sale esta Procesión al final de la Solemne Misa de Resurrección.*

*Simboliza el encuentro de Jesús resucitado, vencedor de la muerte, con su pueblo renovado, e inmediatamente después del encuentro con su Madre. Miembros de otras cofradías acompañarán este nuevo Paso.*

## *Outras Celebracións:*

**NOVENA VIRXE DAS DOLORES**

19:30 h. (Venres de Dolores: 18:30 h.) Capela da Soidade · Dende o 7 ó 15 de Abril. · ORGANIZA: Orden Franciscana Seglar.

**"BICAPÉS DE XESÚS NAZARENO"**

De 10,00 a 14,00 h. - de 17,30 a 19,00 h. S. I. Catedral Basílica · 17 de Abril - Domingo de Ramos
ORGANIZA: Confraría Episcopal e Catedralicia do Bon Xesús.

**"SERMÓN DAS SETE PALABRAS"**

12,00 h. S. I. Catedral Basílica · 22 de abril - Venres Santo · ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e da Nosa Señora da Piedade.

## *Celbracións nas Parroquias e outras Comunidades*

| | XOVES SANTO | | VENRES SANTO | | SÁBADO SANTO | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PARROQUIAS | MISA DA CEA DO SEÑOR | VIXILIA DE ORACIÓN | VÍA CRUCIS | CELEBRACIÓN DA PAIXÓN | ROSARIO | VIXILIA PASCUAL |
| S.I. CATEDRAL BASÍLICA* | 6:00 tarde | 10:00 noite | --- | 6:00 tarde | --- | 11:00 noite |
| S. PEDRO | 5:00 tarde | --- | 11:30 mañá | 5:00 tarde | 11:00 mañá | 9:00 noite |
| SANTIAGO A NOVA | 8:00 tarde | 11:00 noite | 12:00 mañá | 5:30 tarde | --- | 9:00 noite |
| NOSA SEÑORA DAS FONTIÑAS | 6:30 tarde | --- | --- | 6:30 tarde | --- | --- |
| SAN FROILÁN | 7:00 tarde | --- | 7:00 tarde | 5:00 tarde | 11:00 mañá | 8:30 noite |
| SAN ANTONIO | 5:00 tarde | 10:00 noite | 12:00 mañá | 4:00 tarde | 12:00 mañá | 8:30 noite |
| SAGRADO CORAZÓN | 5:00 tarde | 8:00 tarde | 12:00 mañá | 5:00 tarde | 11:00 mañá | 8:00 noite |
| SANTIAGO CASTELO | 6:30 tarde | --- | 6:30 tarde | --- | --- | --- |
| A MILAGROSA | 5:00 tarde | 10:00 noite | 12:00 mañá | 5:00 tarde | 12:00 mañá | 10:00 noite |
| SAN LORENZO DE ALBEIROS | 5:00 tarde | --- | 4:30 tarde | 5:00 tarde | --- | 9:00 noite |
| SAN FRANCISCO JAVIER | 5:00 tarde | 10:00 noite | 11:00 mañá | 5: 00 tarde | | 10:00 noite |
| BUEN PASTOR | 8:00 tarde | --- | 5:30 tarde | 6:00 tarde | --- | 10:00 noite |
| SAN JOSÉ GÁNDARAS | 5:00 tarde | --- | 12: 00 mañá | 5: 00 tarde | --- | 8:30 noite |
| SAN LÁZARO A PONTE | 5:00 tarde | --- | --- | 5: 00 tarde | --- | --- |
| PIUGOS | 6:30 tarde | --- | --- | 6,30 tarde | --- | --- |
| PP FRANCISCANOS | 7,30 tarde | --- | 6:30** | 5:00 tarde | --- | 8:00 noite |
| MM SALESAS | 5:00 tarde | --- | --- | 4:00 tarde | --- | 8:00 noite |
| MM AGUSTINAS | 5:00 tarde | --- | --- | 5:00 tarde | --- | 8:00 noite |
| HERMANAS DE LA CRUZ | 6:30 tarde | --- | --- | 4:30 tarde | --- | 9:30 noite |
| RESIDENCIA SAN ROQUE | 4:00 tarde | | | 4:00 tarde | | 8:00 noite |
| CAPILLA DA SOIDADE | 4:00 tarde | --- | --- | 3:00 tarde | --- | --- |

*Domingo de Ramos, Praza de Santa María: Bendición 11:30 h., a continuación procesión/eucaristía.
Mércores Santo, Misa Crismal 11:00 h. // Venres Santo, Sermón 7 palabras 12:00 h.
** Venres 6:30 da tarde, Acto do Desencravo.

PATROCINA:

Concello de Lugo

ENTIDADES COLABORADORAS:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

CIRCULO DE LAS ARTES LUGO

novacaixagalicia

Fotografías: Eduardo Ochoa
Imprime: Artes Gráficas Lucenses